



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior  
Centro Integrado de Atención de Emerxencias 112 Galicia

Edificio CIAE  
Avd. da Cultura s/n.  
Cp 36680 A Estrada  
Pontevedra  
Teléfono **112**  
Telefax 886 152 590  
[112galicia@xunta.es](mailto:112galicia@xunta.es)  
[www.axega112.gal](http://www.axega112.gal)



## **ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA**

**DATA DE ENVIO: 20/12/2019**

**TIPOLOXÍA: COSTEIROS (ACTUALIZACIÓN)**

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.

**NIVEL DE ALERTA: VERMELLO/LARANXA**

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 126/71 GAL\_C\_C\_RN\_TT emitido o día 20/12/2019 as 11:22 horas, dun fenómeno meteorolóxico adverso **LARANXA** por **COSTEIROS** xa iniciado que seguirá afectando ao litoral das provincias de A Coruña e Pontevedra ata a noite do día 20, pasando a nivel de aviso **AMARELO** e volvendo a acadar o nivel **LARANXA** na madrugada do día 21 en todo o litoral da Comunidade Autónoma de Galicia por mar combinada do W ata 8 metros e ventos do W de ata forza 9.

**Este fenómeno meteorolóxico adverso de nivel LARANXA pasará a nivel VERMELLO a mediados da tarde do día 21** e durará ata primeiras horas da mañá do día 22 no Suroeste de A Coruña e a provincia de Pontevedra, mentres que no caso do litoral da provincia de Lugo e Noroeste e Oeste de A Coruña chegará ata o mediodía do mesmo día 22. Poderán acadarse ventos do W e SW forza 10 e mar combinada do W e SW de 9 metros.

A partires do fin do nivel **VERMELLO** de alerta, pasarase a nivel **LARANXA** en todo o litoral con ventos do W forza 8 ao norte de Fisterra e mar combinada do W ata 8 metros.

Para o período de nivel de alerta **VERMELLA** é recomendable a activación do Plan de Emerxencias Municipal do concello (PEMU) en caso de telo.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles.

Ante calquera emerxencia chame ó 112

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: [www.aemet.es](http://www.aemet.es), do CIAE 112: [www.axega112.gal](http://www.axega112.gal) e de Meteogalicia: [www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

Rev2



**Xacobeo 2021**

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias112  
Galicia

